

I. DISPOSICIONES XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

13249 *Real decreto lei 16/2014, do 19 de decembro, polo que se regula o Programa de activación para o emprego.*

I

A economía española iniciou unha etapa de crecemento económico que acumula cinco trimestres de crecemento do PIB. Esta evolución está tendo, así mesmo, impacto en termos de creación de emprego, tal e como se puxo de manifesto na Enquisa de poboación activa para o segundo e terceiro trimestre de 2014 (+1,12 % e +1,59 % de crecemento interanual do emprego).

Non obstante, a duración e a intensidade da crise dos últimos anos e o impacto que tivo sobre a ocupación exixen actuacións de calado que contribúan a intensificar a recuperación e a acelerar a súa transformación en termos de creación de emprego estable e de calidade. O desafío é agora a reincorporación do elevado número de desempregados ao mercado de traballo para que participen da reactivación económica.

Por este motivo, o 29 de xullo de 2014, o Goberno, as organizacións empresariais CEOE e CEPEME e os sindicatos CC OO e UGT adoptaron o Acordo de propostas para a negociación tripartita para fortalecer o crecemento económico e o emprego, que recollía a vontade de impulsar medidas en distintos ámbitos, desde un renovado protagonismo do diálogo social, destinadas a intensificar a evolución positiva da economía e do emprego.

En particular, a incidencia do desemprego de longa duración supón un reto que debe abordarse para que a recuperación sexa rica en emprego e inclusiva, tendo en conta todos aqueles que buscan activamente unha oportunidade no mercado de traballo.

Para isto, resultan particularmente necesarias medidas de activación para o emprego que contribúan a reducir o tempo que os traballadores pasan en situación de desemprego e que faciliten o seu retorno ao mundo laboral. Os servizos públicos de emprego deben pór en común a información necesaria que posibilite a identificación de oportunidades de emprego, o seguimento continuo e a avaliación das actuacións desenvolvidas. En definitiva, deben acompañar os desempregados durante todo o proceso e cumprir con eficacia o seu obxectivo primordial de axudar na reinserción e mantemento do emprego.

En atención a este obxectivo, unha das iniciativas recollidas no Acordo tripartito con carácter prioritario era o deseño, coa colaboración das comunidades autónomas, dun programa de activación para o emprego cun contido específico de orientación, formación, recualificación e/ou recoñecemento da experiencia laboral que, acompañado dunha medida de protección, contribuíse a lles facilitar a reinserción laboral aos desempregados de longa duración con cargas familiares.

En desenvolvemento desta previsión, o 15 de decembro de 2014, Goberno e interlocutores sociais asinaron o Acordo sobre o Programa extraordinario de activación para o emprego, destinado a mellorar a empregabilidade e dotar de novas oportunidades o citado colectivo de traballadores desempregados, dadas as súas maiores dificultades de colocación.

Ademais, o programa de activación deseñouse de maneira coherente coas recomendacións específicas do Consello da Unión Europea do 8 de xullo de 2014 relativas ao Programa nacional de reformas de 2014 de España. En particular, a terceira destas recomendacións fai referencia á importancia de contar con servizos públicos de emprego modernos, capaces de prestar servizos personalizados e eficaces especialmente a aquelas persoas que teñen máis dificultades para acceder a un emprego, como son os parados de longa duración. Así mesmo, as citadas recomendacións reflicten a importancia de manter o compromiso dos beneficiarios co mercado laboral a través da súa busca activa de emprego, de maneira que tanto as políticas activas como as pasivas estean aliñadas a favor da activación para o emprego.

II

O real decreto lei consta de nove artigos, catro disposicións adicionais e sete disposicións derradeiras.

O artigo 1 refírese ao Programa de activación para o emprego como un programa específico e extraordinario de carácter temporal, dirixido a persoas desempregadas de longa duración que cumpran cunha serie de requisitos. Os beneficiarios do programa definíronse a partir do colectivo de desempregados de longa duración con responsabilidades familiares que esgotaron a súa protección por desemprego e que, precisamente por este motivo, se enfrontan hoxe a maiores dificultades de colocación e especiais necesidades de protección.

Os requisitos que deben cumprir os desempregados para acceder ao programa están recollidos no artigo 2 e refírense a diversos aspectos como a necesidade de que transcorran ao menos seis meses desde que os desempregados esgotasen a renda activa de inserción, o Programa temporal de protección e inserción ou o Programa de recualificación profesional das persoas que esgoten a súa protección por desemprego; estar inscrito como demandante de emprego no Servizo Público de Emprego competente na data do 1 de decembro de 2014 e a permanencia na dita situación durante un determinado período de tempo; carecer do dereito á protección contributiva ou asistencial por desemprego, ou á renda activa de inserción; carecer de rendas, de calquera natureza, superiores en cómputo mensual ao 75 por cento do salario mínimo interprofesional; acreditar responsabilidades familiares, así como cumprir con determinadas obrigacións de activación.

Polo tanto, o programa está destinado ás persoas con responsabilidades familiares que estiveron vinculadas co mercado laboral no pasado e que son demandantes de emprego na actualidade pero que, non obstante, quedaron fóra do ámbito da protección por desemprego hai polo menos seis meses.

Destaca, ademais, que o programa se fundamenta nunha cultura de responsabilidade compartida da activación para o emprego tanto polos servizos públicos de emprego, provedores das medidas de activación, como polos propios beneficiarios.

Así, o artigo 6, ao regular o desenvolvemento do programa, recoñece os servizos públicos de emprego como os encargados de elaborar o itinerario individual e personalizado de emprego, asignar un titor individual e, en definitiva, guiar os beneficiarios no proceso de retorno ao emprego. Para isto contarán cos seus propios medios ou ben coa colaboración público-privada, cuxas sinerxías se deben pór á disposición da activación para o emprego.

Pola súa parte, os beneficiarios deberán cumprir cunha serie de obrigacións de activación, recollidas no artigo 3, que poden agruparse en tres bloques: subscribir un compromiso de actividade, acreditar accións de busca activa de emprego e participar nas accións de mellora da empregabilidade e busca activa de emprego previstas no itinerario individual e personalizado de emprego.

De forma complementaria, o programa ofrece unha axuda económica de acompañamento. Neste sentido, o artigo 7 recoñece que a axuda terá unha duración máxima de seis meses e que a súa contía será igual ao 80 por cento do indicador público de rendas de efectos múltiples mensual vixente en cada momento. Esta axuda permitirá aos beneficiarios participar activamente e facer un mellor aproveitamento das medidas que lles sexan propostas como resposta ás súas necesidades específicas na busca de emprego.

Por tanto, o programa pretende evitar o risco de permanencia en situación de desemprego dos seus beneficiarios e contribuír á súa activación e inserción eficaz no mercado de traballo mentres se pon á súa disposición unha axuda económica que permita afrontar unha situación persoal difícil na transición de volta ao contorno laboral.

Así mesmo, o artigo 8 regula, como elemento novo deste programa, que os beneficiarios poidan compatibilizar un contrato por conta allea coa percepción da axuda de acompañamento. Desta maneira, permítese a formalización dun contrato cunha empresa privada e que esta teña en conta a axuda que continuará percibindo o beneficiario no cómputo das retribucións salariais que correspondan, durante un máximo

de cinco meses. Establécese, por tanto, unha excepción legal ao previsto con carácter xeral na normativa laboral en canto á obrigación empresarial de aboar integramente o salario correspondente, o que se xustifica en dispor dun incentivo que poida actuar eficazmente para a inserción e contratación laboral do colectivo obxectivo do programa.

Con esta medida, poténcianse os incentivos para que o colectivo de desempregados poida adquirir unha experiencia laboral real, o que supón un importante potencial de mellora de empregabilidade.

Nos artigos 4 e 5 régulanse os aspectos procedementais tanto para se incorporar ao programa como para que se teña por producida unha baixa definitiva ou temporal no dito programa e na percepción da axuda. É especialmente relevante que para seren admitidos no programa e obter o recoñecemento da axuda económica de acompañamento, as persoas desempregadas deban presentar a solicitude de incorporación ao programa entre o 15 de xaneiro de 2015 e o 15 de abril de 2016.

Por último, o artigo 9 aclara que o financiamento da axuda económica se incluír dentro da acción protectora por desemprego e se realizará con cargo ao orzamento do Servizo Público de Emprego Estatal.

En canto ás disposicións adicionais recollidas neste real decreto lei, cabe sinalar que a disposición adicional primeira habilita o Servizo Público de Emprego Estatal para desenvolver o procedemento de concesión e pagamento das axudas, así como para establecer os mecanismos necesarios de coordinación e intercambio de información cos servizos públicos de emprego das comunidades autónomas e as axencias de colocación cando actúen en colaboración con aqueles.

A disposición adicional segunda regula a distribución de competencias entre o Servizo Público de Emprego Estatal e os servizos públicos de emprego das comunidades autónomas. Ao primeiro correspóndenlle a xestión e o pagamento da axuda económica prevista no programa de activación, e os segundos serán competentes para asignar o itinerario individual e personalizado de emprego e as accións de mellora da empregabilidade para a realización deste programa de conformidade co previsto nos reais decretos de traspaso.

A disposición adicional terceira prevé a realización dunha avaliación do programa, co fin de analizar os resultados obtidos, tres meses antes da data de finalización da súa vixencia, para determinar a súa eficacia. Realízase de forma conxunta entre o Ministerio de Emprego e Seguridade Social, as autoridades competentes das comunidades autónomas e os interlocutores sociais. No ano 2016 os resultados desta avaliación teranse en conta para a asignación de fondos procedentes do orzamento de gastos do Servizo Público de Emprego Estatal entre as diferentes comunidades autónomas, nos termos que se acorden na respectiva Conferencia Sectorial de Emprego e Asuntos Laborais.

As disposicións derradeiras segunda, terceira, cuarta e quinta recollen, respectivamente, a modificación do número 2 da disposición transitoria oitava da Lei 3/2012, do 6 de xullo, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral; a modificación do artigo 2.1.b) do Real decreto 1369/2006, do 24 de novembro, polo que se regula o programa de renda activa de inserción para desempregados con especiais necesidades económicas e dificultade para encontrar emprego; a modificación dos artigos 32.1.c) e 33.2 do Real decreto 625/1985, do 2 de abril, polo que se desenvolve a Lei 31/1984, do 2 de agosto, de protección por desemprego e, por último, a supresión da letra c) do número 4 e a modificación do número 5 do artigo 21 bis da Lei 56/2003, do 16 de decembro, de emprego.

III

A disposición adicional cuarta regula os supostos de forza maior en que a Tesouraría Xeral da Seguridade Social pode recoñecer a determinadas empresas, afectadas por unha suspensión de contratos de traballo ou redución de xornada, a exoneración do pagamento de até o cen por cento da achega empresarial prevista no artigo 214.2 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social coa finalidade de favorecer o mantemento do emprego.

É necesario que as empresas que pretendan beneficiarse da exoneración cumpran con obrigacións básicas como a de estar ao día no cumprimento das súas obrigacións tributarias e de Seguridade Social; xustificar os danos sufridos, a imposibilidade de continuar a actividade laboral e as perdas de actividade derivadas directamente do suposto de forza maior; así como a de ter asegurados os bens indispensables para realizar a actividade produtiva ao tempo de se producir o acontecemento de carácter catastrófico.

En último termo, resulta imprescindible que as empresas asuman uns compromisos básicos vinculados a realizar o reinvestimento necesario para o restablecemento das actividades afectadas pola causa de forza maior e a manter no emprego o cen por cento dos traballadores afectados pola suspensión de contrato ou a redución de xornada.

A exoneración ás empresas do pagamento das cotas empresariais da Seguridade Social terá unha duración máxima de 12 meses e destaca que, cando dentro do prazo de 12 meses se extinguir algún contrato temporal pola expiración do prazo convindo ou pola realización da obra ou servizo obxecto do contrato, as empresas poderán seguir beneficiándose da exoneración polo tempo que reste até os 12 meses sempre que subscriba co traballador afectado pola extinción un contrato por tempo indefinido. A Tesouraría Xeral da Seguridade Social, logo de solicitude da empresa, poderá prorrogar por outros 12 meses a exoneración recoñecida ás empresas sempre que resulte acreditado tanto que a empresa segue cumprindo os requisitos que determinaron o recoñecemento inicial da exoneración como que puxo en marcha os compromisos adquiridos en canto ao necesario reinvestimento na empresa e ao mantemento no emprego dos traballadores afectados pola suspensión ou redución.

IV

Nas medidas que se adoptan concorren as circunstancias de extraordinaria e urxente necesidade que exige o artigo 86 da Constitución española como premisa para recorrer á figura do real decreto lei.

Resulta crucial trasladar a incipiente recuperación económica ao emprego coa maior celeridade e intensidade posibles. Isto aconsella a adopción de medidas que estimulen as oportunidades de emprego, especialmente para aquelas persoas con maiores problemas de empregabilidade e que, tras un período prolongado de recesión, corren o risco de manterse nesta situación quedando excluídas do citado proceso de recuperación e dificultando as súas posibilidades de incorporación ao mercado de traballo e as súas perspectivas de carreira profesional e evolución persoal.

O programa contido neste real decreto lei, con efectividade inmediata, dá resposta a esta necesidade e, como tal, ten un carácter excepcional e limitado no tempo.

Procede destacar a participación que tiveron as comunidades autónomas, así como os interlocutores sociais, no establecemento das bases que orientaron o programa que regula este real decreto lei.

O mesmo se pode sinalar respecto da exoneración do pagamento da cota empresarial cuxo fundamento último se encontra na existencia de catástrofes naturais de carácter imprevisible e que, polo tanto, poden afectar as empresas e a súa actividade produtiva en calquera momento. Por este carácter imprevisible e para favorecer o mantemento do emprego é importante que as empresas se encontren protexidas fronte ás graves consecuencias económicas que adoitan traer consigo este tipo de acontecementos extraordinarios o antes posible.

Por conseguinte, a necesidade da inmediata aplicación das medidas que se adoptan constitúe o feito habilitante de extraordinaria e urxente necesidade que a Constitución exige no seu artigo 86 para aprobar este real decreto lei.

Na súa virtude, en uso da autorización concedida no artigo 86 da Constitución, por proposta da ministra de Emprego e Seguridade Social e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 19 de decembro de 2014,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto.*

1. O presente real decreto lei ten por obxecto regular o Programa de activación para o emprego. Trátase dun programa específico e extraordinario de carácter temporal, dirixido a persoas desempregadas de longa duración que cumpran os requisitos establecidos no artigo 2.

2. O programa comprende políticas activas de emprego, actuacións de intermediación laboral, xestionadas polos servizos públicos de emprego coa finalidade de incrementar as oportunidades de retorno ao mercado de traballo, e unha axuda económica de acompañamento xestionada polo Servizo Público de Emprego Estatal e vinculada á participación nas mencionadas políticas de activación para o emprego.

Artigo 2. *Beneficiarios.*

1. Poderán ser beneficiarias do presente programa as persoas desempregadas que, presentando a solicitude de incorporación no prazo indicado no artigo 4, reúnan os seguintes requisitos na data da devandita solicitude:

a) Ter transcorrido ao menos seis meses desde o esgotamento dalgunha das seguintes axudas ou prestacións: a renda activa de inserción (RAI) regulada no Real decreto 1369/2006, do 24 de novembro, polo que se regula o Programa de renda activa de inserción para desempregados con especiais necesidades económicas e dificultade para encontrar emprego, ou nas normas que o precederon cando se esgotase o terceiro dereito a ela; o Programa temporal de protección e inserción (Prodi) regulado polo Real decreto lei 10/2009, do 13 de agosto, polo que se regula o Programa temporal de protección por desemprego e inserción; o Programa de recualificación profesional das persoas que esgoten a súa protección por desemprego (Prepara), regulado no Real decreto lei 1/2011, do 11 de febreiro, de medidas urxentes para promover a transición ao emprego estable e a recualificación profesional das persoas desempregadas, así como nos sucesivos reais decretos lei que prorrogaron o dito programa.

Para os efectos deste punto non se considerará esgotamento a extinción derivada dunha sanción ou baixa no dereito por causa imputable ao beneficiario.

b) Estar inscrito como demandante de emprego no Servizo Público de Emprego competente na data do 1 de decembro de 2014. Este requisito entenderase cumprido nos supostos en que o traballador, mesmo non estando inscrito como demandante de emprego na dita data, teña interrompida a inscrición debido á realización dun traballo por conta allea, sempre que a duración do contrato fose por tempo inferior a 90 días.

c) Ter permanecido inscrito como demandante de emprego durante 360 días nos dezoito meses inmediatamente anteriores á data da solicitude de incorporación ao programa.

d) Carecer do dereito á protección contributiva ou asistencial por desemprego, ou á renda activa de inserción.

e) Ter cesado involuntariamente nun traballo por conta allea previamente ao esgotamento do último dereito dos previstos na letra a) anterior. Ademais, se se traballou tras o esgotamento do dito dereito, ter cesado de forma involuntaria no último traballo realizado.

f) Carecer de rendas, de calquera natureza, superiores en cómputo mensual ao 75 por cento do salario mínimo interprofesional, excluída a parte proporcional de dúas pagas extraordinarias, e acreditar responsabilidades familiares. A consideración de rendas e a acreditación das responsabilidades familiares efectuaranse conforme o establecido nos números 3.2) e 2, respectivamente, do artigo 215 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño. Para estes efectos non se terán en conta as rendas derivadas das actividades compatibles coa axuda.

g) No caso de que tras o esgotamento dalgunha das prestacións ou axudas incluídas na letra a) se percibise calquera tipo de rendas mínimas, salarios sociais ou axudas análogas de asistencia social concedidas por calquera Administración pública, deberán ter transcurrido como mínimo 6 meses desde a finalización da percepción destas rendas antes da solicitude deste programa.

h) Cumprir coas obrigacións de activación previstas no artigo 3.

2. Para efectos do acceso ao programa non se considerará desempleado quen na data de solicitude de incorporación ao programa se encontre traballando por conta allea a tempo parcial.

Artigo 3. *Obrigacións de activación.*

Para a súa incorporación e mantemento no programa, as persoas desempregadas deberán cumprir, ademais dos requisitos establecidos no artigo 2, as seguintes obrigas:

a) Subscribir no momento da solicitude un compromiso de actividade en virtude do cal realizarán as distintas actuacións favorecedoras da súa inserción laboral que acorden os servizos públicos de emprego, ou as súas entidades colaboradoras conforme o previsto no artigo 6, así como:

1.^a Aceptar a colocación adecuada que lles sexa ofrecida polos servizos públicos de emprego ou polas axencias de colocación cando desenvolvan actividades no ámbito de colaboración con aqueles durante a participación no programa. Para estes efectos, entenderase por colocación adecuada a regulada no artigo 231.3 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social.

2.^a Renovar a demanda de emprego na forma e nas datas en que se determine no documento de renovación da demanda e compareceren, cando fosen previamente requiridos, ante o Servizo Público de Emprego Estatal, os servizos públicos de emprego ou as axencias de colocación cando desenvolvan actividades no ámbito de colaboración con aqueles.

3.^a Comunicar, no momento en que se produzan, as variacións de renda, do patrimonio ou da unidade familiar, así como as situacións que poidan dar lugar a incompatibilidade coa axuda.

4.^a Reintegrar as axudas indebidamente percibidas.

5.^a Facilitar aos servizos públicos de emprego ou, se for o caso, ás axencias de colocación cando desenvolvan actividades no ámbito de colaboración con aqueles, no prazo de cinco días, o correspondente xustificante de ter comparecido no lugar e na data indicados para cubrir as ofertas de emprego facilitadas por aqueles.

6.^a Acreditar, durante a vixencia do programa e cando así lles sexa requirido polo servizo público de emprego competente, a busca activa de emprego.

7.^a Proporcionar a documentación e información precisa para a incorporación e mantemento no programa e comunicar aos servizos públicos de emprego e ao Servizo Público de Emprego Estatal o domicilio e, se for o caso, o cambio do domicilio, facilitado para efectos de notificacións, no momento en que este se produza.

8.^a Autorizar que os servizos públicos de emprego comuniquen a condición de beneficiario do programa e da axuda económica ás axencias de colocación que desenvolvan actividades no ámbito de colaboración con eles, así como ás empresas que o soliciten.

9.^a Informar as empresas da súa condición de solicitante ou beneficiario do programa cando realicen actuacións de busca activa de emprego ou cando celebren con estas contratos de traballo.

b) Acreditar ante o Servizo Público de Emprego Estatal que durante o prazo dun mes a partir da presentación da solicitude realizaron, ao menos, tres accións de busca activa de emprego (BAE). A acreditación efectuarase dentro dos dez días hábiles seguintes ao transcurso do citado prazo dun mes.

Consideraranse actuacións de BAE cada unha das seguintes:

- 1.^a Traballo por conta propia ou allea.
- 2.^a Envío ou presentación de currículos en, ao menos, tres empresas distintas.
- 3.^a Realización, ao menos, dunha entrevista de traballo.
- 4.^a Inscripción, ao menos, nunha axencia de colocación.
- 5.^a Inscripción como solicitante de emprego en, ao menos, dous portais de emprego públicos ou privados.
- 6.^a Presentación, ao menos, a unha oferta de traballo xestionada polos servizos públicos de emprego.
- 7.^a Calquera outra ofertada polos servizos públicos de emprego e especificamente accións formativas ou accións de información e actuacións dirixidas ao autoemprego e emprendemento.

c) Participar nas accións de mellora da empregabilidade e busca activa de emprego, previstas no itinerario individual e personalizado de emprego que, con carácter previo ao inicio do programa, lles fose asignado polos servizos públicos de emprego. Este itinerario asignarase no prazo dun mes desde a solicitude de acordo co previsto no artigo 6.

Non obstante, se o servizo público de emprego non pode realizar o itinerario no citado prazo dun mes, para que a solicitude de admisión ao programa sexa aprobada, este itinerario deberá realizarse necesariamente antes do transcurso dos tres meses de prazo que ten o Servizo Público de Emprego Estatal para resolver a solicitude, de acordo co indicado no artigo 4.3.

Artigo 4. *Solicitude e incorporación ao programa.*

1. Para seren admitidas no programa e obter o recoñecemento da axuda económica de acompañamento prevista no artigo 7, as persoas desempregadas deberán presentar a solicitude de incorporación ao programa entre o 15 de xaneiro de 2015 e o 15 de abril de 2016.

A solicitude deberá presentarse, conforme o modelo que se determine, na oficina de prestacións do servizo público de emprego estatal que corresponda á persoa desempregada.

Á solicitude deberase xuntar a documentación acreditativa de que se reúnen os requisitos recollidos no artigo 2 e conterá o compromiso de actividade que deberá subscribir o solicitante.

2. Unha vez comprobado polo Servizo Público de Emprego Estatal que se cumpren os requisitos de acceso recollidos no artigo 2, o solicitante será informado de que, para proceder á súa admisión ao programa e ao aboamento da axuda económica correspondente, deberá acreditar ter realizado as accións da BAE nos termos establecidos no artigo 3, así como ter asignado un itinerario individual e personalizado de emprego, nos termos establecidos nos artigos 3 e 6.2.

Así mesmo, darase traslado da solicitude ao servizo público de emprego competente para os efectos de que inicie as actuacións necesarias para o diagnóstico do perfil do solicitante, a elaboración do itinerario individual e personalizado de emprego e a asignación dun titor individual, nos termos establecidos no artigo 6.

3. Unha vez que se acredítase a BAE e asignase ao traballador o itinerario individual e personalizado de emprego, así como o titor individual, o Servizo Público de Emprego Estatal ditará resolución en que recoñeza a incorporación do traballador ao programa, o que implicará o seu dereito á percepción da axuda económica e a posibilidade, se for o caso, de compatibilizala co traballo nos termos previstos no artigo 8. O Servizo Público de Emprego Estatal resolverá a solicitude no prazo máximo dos tres meses seguintes á data en que esta se presentase. Transcorrido o prazo sen que se ditase resolución expresa, entenderase que a solicitude foi desestimada por silencio administrativo.

4. Contra a resolución adoptada polo Servizo Público de Emprego Estatal poderá interperse reclamación previa á vía xurisdiccional social no prazo de trinta días desde a súa notificación.

Artigo 5. *Baixa e reincorporación ao programa e á axuda económica.*

1. Causarán baixa definitiva no programa e deixarán de percibir a correspondente axuda económica os beneficiarios en que concorra algunha das seguintes circunstancias:

a) Incumprimento das obrigacións derivadas do compromiso de actividade e que se concretan no itinerario individual e personalizado de emprego, salvo causa xustificada.

b) Non comparecer, logo de requirimento, ante o Servizo Público de Emprego Estatal ou ante os servizos públicos de emprego, non renovar a demanda de emprego na forma e datas que se determinen no documento de renovación da demanda ou non devolver en prazo aos servizos públicos de emprego o correspondente xustificante de ter comparecido no lugar e na data indicados para cubrir as ofertas de emprego facilitadas polos ditos servizos ou polas axencias de colocación cando desenvolvan actividades no ámbito de colaboración con aqueles, salvo causa xustificada.

c) Non acreditar busca activa de emprego nos termos establecidos no artigo 3, cando sexa requirido polos servizos públicos de emprego.

d) Rexeitar unha oferta de colocación adecuada que lles sexa ofrecida polos servizos públicos de emprego ou por axencias de colocación cando desenvolvan actividades no ámbito de colaboración con aqueles.

e) Rexeitar a participación en programas de emprego, accións de promoción, formación ou reconversión profesional, que determinen os servizos públicos de emprego ou as axencias de colocación cando desenvolvan actividades no ámbito de colaboración con aqueles.

f) Causar baixa voluntaria no traballo a que se acceda durante o programa.

g) Traballar por conta allea a tempo completo ou parcial, por un período de tempo igual ou superior a 90 días, cando a empresa non proceda a descontar do salario que legal ou convencionalmente corresponda ao traballador a axuda económica que este perciba, conforme o previsto no artigo 8.

h) Traballar por conta propia por un período superior a 180 días.

i) Acceder a unha prestación por desemprego, subsidio por desemprego ou renda agraria, ou obter outras pensións, prestacións ou axudas sociais.

j) Deixar de reunir o requisito de carencia de rendas ou de responsabilidades familiares previsto no artigo 2, salvo o previsto na letra seguinte.

k) O traslado ao estranxeiro, salvo que corresponda a actuacións recollidas no itinerario individual e personalizado de emprego e fose autorizado polo titor asignado no programa.

l) A renuncia voluntaria ao programa.

m) Obter ou manter indebidamente a percepción da axuda económica.

2. Causarán baixa temporal no programa e deixarán de percibir durante o período de baixa a correspondente axuda económica os beneficiarios en que concorra algunha das circunstancias seguintes:

a) O traballo por conta allea a tempo completo ou parcial por un período inferior a 90 días, cando a empresa non proceda a descontar do salario que legal ou convencionalmente corresponda ao traballador a axuda económica que este perciba, conforme o previsto no artigo 8.

b) Traballar por conta propia por un período inferior a 180 días.

c) A perda do requisito de rendas ou responsabilidades familiares recollido no artigo 2, por un período inferior a 180 días.

3. Producida a baixa temporal no programa e na axuda polas causas previstas no número anterior, poderase recoñecer o dereito á reincorporación a este sempre que se solicite dentro do prazo de solicitude previsto no artigo 4.1 e se acredite cumprir os requisitos establecidos nas letras d) e f) do artigo 2, así como, se for o caso, ter cesado no traballo por conta allea acreditando situación legal de desemprego. A reincorporación exixirá a inscrición previa como demandante de emprego e a reactivación do compromiso de actividade.

O período de tempo durante o cal o traballador se encontre en situación de baixa temporal no programa sen percibir a axuda económica, de acordo co previsto no número 2 deste artigo, non se computará para efectos do período de duración da axuda.

4. As baixas e as reincorporacións ao programa resolveráas o Servizo Público de Emprego Estatal e comunicaranse aos servizos públicos de emprego competentes para os efectos que correspondan en relación coa continuidade, ou non, das distintas accións de inserción laboral previstas no artigo 6.

5. A tramitación das baixas no programa nos supostos previstos nas letras a), b), c), d), e) h), i) e k) do número 1 poderá iniciarse desde que se dispoña de información sobre o incumprimento dalgunha das obrigacións ou desde que se detecten irregularidades na execución do programa. Como consecuencia disto, cursarase unha baixa cautelar no programa e darase audiencia ao interesado para que, no prazo de 15 días, formule por escrito as alegacións que considere oportuno. Transcorrido o dito prazo, adoptarase, nos 15 días seguintes, a resolución que corresponda.

Contra a resolución que dite o Servizo Público de Emprego Estatal poderá interperse reclamación previa á vía xurisdiccional social nos termos previstos no artigo 4.4.

6. Os beneficiarios que percibisen indebidamente a axuda económica de acompañamento virán obrigados a reintegrar o seu importe. A exixencia da devolución realizarase conforme o establecido para as prestacións por desemprego no artigo 227 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social e na súa normativa de desenvolvemento.

Artigo 6. *Desenvolvemento do programa en materia de activación para o emprego.*

1. O programa terá por obxecto a activación e a inserción laboral dos seus beneficiarios e poderase acceder a el unha soa vez.

2. Con carácter previo á admisión no programa, o servizo público de emprego competente asignará ao beneficiario un titor individual que elaborará o itinerario individual e personalizado de emprego no prazo dun mes desde a solicitude da admisión ao programa, a partir dunha entrevista individualizada que permita realizar un diagnóstico previo do perfil do traballador.

3. O titor será o responsable da elaboración, se for o caso, e seguimento do itinerario, de propor as medidas de activación necesarias para posibilitar a inserción laboral do traballador, así como do control das restantes obrigacións adquiridas no compromiso de actividade. En particular, o titor será o encargado de xestionar os servizos e programas de orientación e intermediación e de formación profesional necesaria para a inserción laboral, así como de realizar un seguimento individualizado das colocacións que se produzan durante a vixencia do programa.

O beneficiario deberá comunicar ao titor as posibles contratacións que realice conforme a compatibilidade prevista no artigo 8.

4. A información relativa aos servizos ou programas que configuren o itinerario individual e personalizado de emprego débense recoller no sistema de información dos servizos públicos de emprego no prazo máximo dun mes desde que se iniciaron.

5. As medidas de activación terán en conta as tendencias actuais do mercado de traballo e as necesidades formativas do beneficiario. Así mesmo, deberán prever a atención ás empresas, as súas necesidades de contratación, o tipo de perfís profesionais que precisen, a busca e proposta de candidatos mediante sondaxes entre os participantes no programa e o seguimento das contratacións realizadas.

6. Os servizos públicos de emprego comunicarán ao Servizo Público de Emprego Estatal:

a) A identidade do titor individual que se asigne ao solicitante do programa, os itinerarios que se elaboren e as colocacións que se realicen durante a vixencia dos itinerarios, así como o seu seguimento. Os itinerarios deberán ser comunicados inmediatamente despois da súa elaboración.

b) O incumprimento de calquera das obrigacións contraídas no momento da solicitude de incorporación ao programa, así como do mantemento da inscrición como

demandante de emprego, a participación efectiva no itinerario individual e personalizado de emprego e a busca activa de emprego.

Artigo 7. *Axuda económica de acompañamento.*

Unha vez ditada polo Servizo Público de Emprego Estatal a resolución de admisión ao programa e de recoñecemento da axuda económica de acompañamento, nos termos previstos no artigo 4.3, os beneficiarios poderán percibir unha axuda económica de acordo co establecido nas seguintes letras:

a) A duración máxima da axuda económica será de seis meses, ben que as accións de inserción previstas no programa poden continuar realizándose con posterioridade a este prazo.

b) A contía da axuda será igual ao 80 por cento do indicador público de rendas de efectos múltiples mensual vixente en cada momento.

c) Os efectos económicos do recoñecemento da axuda económica produciranse desde o día seguinte ao transcurso do prazo dun mes contado desde o día da presentación da solicitude de incorporación ao programa, sempre que o solicitante acredite, nos dez días hábiles seguintes á finalización do período sinalado, que durante este realizou a BAE no tempo e forma establecidos no artigo 3, e que lle foi asignado polo servizo público de emprego competente o itinerario individual e personalizado de emprego.

Se transcorrido o citado período dun mes o servizo público de emprego competente non elaborou o itinerario individual e personalizado de emprego, os efectos económicos da axuda só se producirán a partir da data en que quede acreditado que o solicitante ten asignado o dito itinerario, nos termos establecidos no artigo 3.

d) O pagamento periódico da axuda económica realizarao o Servizo Público de Emprego Estatal dentro do mes seguinte a aquel en que corresponda a devindicación.

Artigo 8. *Compatibilidade e incompatibilidade da axuda económica de acompañamento.*

1. Unha vez admitido no programa, a axuda económica será compatible:

a) Coas axudas de calquera natureza que se puidesen obter pola asistencia a accións de formación profesional para o emprego.

b) Co traballo por conta allea, a tempo completo ou parcial e de duración indefinida ou temporal, até un máximo de cinco meses, sempre que este se desenvolva en empresas ou entidades que non formen parte do sector público, de acordo co artigo 3.1 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro.

2. No suposto previsto no número 1.b) o traballador manterá a percepción da axuda económica durante a vixencia do contrato polo tempo que lle reste por percibir aquela até un máximo de cinco meses.

Durante este tempo, o empresario descontará a contía da axuda económica do importe do salario que corresponda percibir ao traballador legal ou convencionalmente. No suposto de contratación a tempo parcial, a contía da axuda económica que se descontará do importe do salario será proporcional ao tempo efectivamente traballado. Non obstante o anterior, o salario que se terá en conta para efectos do cálculo tanto de indemnizacións por extinción do contrato de traballo como de bases de cotización á Seguridade Social será o que, legal ou convencionalmente, corresponda ao traballador.

Para a aplicación da compatibilidade, o traballador deberá presentar ante a empresa un documento acreditativo do período e contía da axuda económica recoñecida, para estes efectos será válida a resolución adoptada polo Servizo Público de Emprego Estatal en que recoñeza a admisión ao programa e o pagamento da axuda.

3. A esta contratación seranlle de aplicación as bonificacións ou reducións nas cotas á Seguridade Social que correspondan segundo a regulación vixente sempre que o

contrato celebrado cumpra os requisitos establecidos en cada caso. Non obstante, a contía da axuda económica que se descontará do importe do salario, en concorrencia con medidas de apoio público distintas das citadas bonificacións ou reducións nas cotas á Seguridade Social, non poderá superar o 80 % do custo salarial anual correspondente ao contrato que se formalizase, sen incluír as cotas á Seguridade Social.

No caso de extinción do contrato antes de finalizar a participación do beneficiario no programa, e sempre que non se reúnan os requisitos de acceso a unha prestación contributiva ou subsidio por desemprego, o traballador deberá comunicar a citada extinción do contrato á oficina de prestacións do Servizo Público de Emprego Estatal dentro dos quince días seguintes a ela, e reactivar o compromiso de actividade para manter a participación no programa e a percepción polo tempo que reste da axuda económica de acompañamento.

4. A axuda económica será incompatible:

a) Coa obtención de rendas de calquera natureza que fagan superar os límites establecidos, nos termos fixados no artigo 2, sen que se computen para eses efectos as rendas que proveñan de accións ou traballos compatibles coa percepción da renda.

b) Coa percepción de prestacións ou subsidios por desemprego, ou da renda agraria.

c) Coa percepción de pensións ou prestacións de carácter económico da Seguridade Social que sexan incompatibles co traballo.

d) Coa realización simultánea de traballo por conta propia ou por conta allea, a tempo completo ou parcial, salvo cando sexa compatible segundo o establecido no número 1.b).

e) Coa percepción de calquera tipo de rendas mínimas, salarios sociais ou axudas análogas de asistencia social concedidas polas administracións públicas.

Artigo 9. *Financiamento.*

1. O financiamento da axuda económica recollido no artigo 7 incluírase dentro da acción protectora por desemprego e realizarase con cargo ao orzamento do Servizo Público de Emprego Estatal.

2. O financiamento do deseño, asignación e seguimento do itinerario individual e personalizado de emprego, así como as accións de inserción incluídas no programa de activación para o emprego realizaranse con cargo aos orzamentos das respectivas comunidades autónomas.

3. As comunidades autónomas utilizarán na execución deste programa as cantidades procedentes do orzamento de gastos do Servizo Público de Emprego Estatal que lles sexan asignadas como consecuencia dos criterios aprobados na respectiva Conferencia sectorial de emprego e asuntos laborais de 2015, nos termos dispostos nas normas ou convenios que fixen, entre outras cuestións, as condicións de xestión destes fondos de acordo co establecido no artigo 86 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

4. Sen prexuízo do mencionado no número anterior, as comunidades autónomas poderán destinar recursos propios adicionais para financiar a adecuada xestión do programa de activación e inserción para o emprego.

Disposición adicional primeira. *Obrigacións de información.*

1. Co fin de garantir o correcto funcionamento deste programa e garantir as mesmas posibilidades de acceso a todos os seus potenciais beneficiarios, habilitase o Servizo Público de Emprego Estatal para desenvolver o procedemento de concesión e pagamento das axudas, así como para establecer os mecanismos necesarios de coordinación e intercambio de información cos servizos públicos de emprego así como coas axencias de colocación cando actúen en colaboración con aqueles.

2. Así mesmo, os servizos públicos de emprego competentes arbitrarán as medidas necesarias co fin de informar en todo momento as empresas e axencias de colocación que o soliciten sobre os beneficiarios deste programa para os efectos de favorecer a súa inserción laboral.

3. Nos casos de contratación de beneficiarios do programa que compatibilicen a axuda económica conforme o previsto no artigo 8, o empresario informará acerca desta circunstancia no momento de comunicación da contratación.

Disposición adicional segunda. *Distribución de competencias.*

1. Corresponde ao Servizo Público de Emprego Estatal, a través das súas direccións provinciais, a xestión e o pagamento da axuda económica prevista no programa de activación. As persoas titulares das direccións provinciais deberán ditar resolución que recoñeza ou denegue o dereito á admisión ao programa, así como resolver as baixas e as reincorporacións a el.

As resolucións ditadas serán impugnables ante os órganos xurisdiccionais da orde social, logo de reclamación ante o dito organismo, na forma prevista no artigo 71 de Lei 36/2011, do 10 de outubro, reguladora da xurisdición social.

Así mesmo, o Servizo Público de Emprego Estatal efectuará o pagamento da axuda prevista no artigo 7, o control de requisitos e incompatibilidades, a exixencia da devolución das cantidades indebidamente percibidas, así como as compensacións nas prestacións por desemprego ou na renda activa de inserción das cantidades indebidamente percibidas por calquera das ditas percepcións, todo isto nos mesmos termos fixados para as prestacións por desemprego.

O Servizo Público de Emprego Estatal será tamén competente para desenvolver as accións de mellora da empregabilidade do ámbito das políticas activas de emprego que deben ser financiadas con cargo aos créditos especificamente autorizados, pola Lei anual de orzamentos xerais do Estado, no seu estado de gastos como reserva de xestión directa, de conformidade co establecido no artigo 13.h) da Lei 56/2003, do 16 de decembro, de emprego.

2. As comunidades autónomas, que asumiron o traspaso da xestión realizada polo antigo Instituto Nacional de Emprego, actual Servizo Público de Emprego Estatal, no ámbito do traballo, o emprego e a formación, serán competentes para asignar o itinerario individual e personalizado de emprego e as accións de mellora da empregabilidade para a realización deste programa, de conformidade co previsto nos reais decretos de traspaso.

3. O Instituto Social da Mariña exercerá as competencias atribuídas ao Servizo Público de Emprego Estatal relativas á xestión do programa de activación cando se aplique aos desempregados procedentes do réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar.

Disposición adicional terceira. *Avaliación.*

Co fin de analizar os resultados obtidos polo programa, procederase a unha avaliación del, tres meses antes da data de finalización da súa vixencia, para determinar a eficacia do programa e, se for o caso, determinar a necesidade de articular a súa continuidade ou de realizar calquera tipo de adaptación. Esta avaliación realizarase de forma conxunta entre o Ministerio de Emprego e Seguridade Social, as autoridades competentes das comunidades autónomas e os interlocutores sociais.

Así mesmo, no ano 2016, os resultados desta avaliación teranse en conta para a asignación de fondos procedentes do orzamento de gastos do Servizo Público de Emprego Estatal entre as diferentes comunidades autónomas, nos termos que se acorden na respectiva conferencia sectorial de emprego e asuntos laborais.

Disposición adicional cuarta. *Exoneración do pagamento de cotas en supostos de forza maior para favorecer o mantemento do emprego.*

1. As empresas que, logo da resolución da autoridade laboral, acorden a suspensión de contratos de traballo ou a redución de xornada por causa de forza maior poderán solicitar á Tesouraría Xeral da Seguridade Social unha exoneración de até o 100 por

cento do pagamento da achega empresarial prevista no artigo 214.2 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, sempre e cando concorran as seguintes circunstancias:

a) Que a causa de forza maior derive de acontecementos catastróficos naturais, imprevisibles ou que tendo sido previstos fosen inevitables, como terremotos, maremotos, incendios, inundacións, pragas, explosións, tormentas de vento e mar, sempre que supoñan a destrución total ou parcial das instalacións da empresa ou centro de traballo, impedindo a continuidade da actividade laboral para os traballadores afectados.

b) Que resulte acreditado, mediante informe preceptivo da Dirección Especial da Dirección Xeral da Inspección de Traballo e Seguridade Social solicitado pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social, que a forza maior reúne as características mencionadas na letra anterior. Este informe enténdese sen prexuízo do exixido de conformidade co previsto no artigo 51 do Estatuto dos traballadores e na súa normativa de desenvolvemento.

c) Que as empresas se encontren ao día no cumprimento das súas obrigacións tributarias e de Seguridade Social e xustifiquen os danos sufridos, a imposibilidade de continuar a actividade laboral e as perdas de actividade derivadas directamente do suposto de forza maior.

d) Que as empresas, ao tempo de se producir o acontecemento de carácter catastrófico, tivesen asegurados os bens indispensables para realizar a actividade produtiva afectada pola forza maior.

e) Que as empresas se comprometan a realizar, mentres dure a exoneración, o reinvestimento necesario para o restablecemento das actividades afectadas pola causa de forza maior. Para verificar o cumprimento deste compromiso, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social poderá requirir o asesoramento e os informes técnicos que correspondan.

f) Que as empresas se comprometan a manter no emprego, durante o ano posterior á finalización da suspensión ou redución, o 100 por cento dos traballadores afectados pola suspensión de contrato ou a redución de xornada, excluídos os traballadores recolocados noutros centros de traballo.

2. A resolución da Tesouraría Xeral da Seguridade Social deberá indicar a porcentaxe de exoneración que se recoñeza. As circunstancias que se terán en conta para fixar a dita porcentaxe serán, entre outras, a situación económica da empresa, o impacto económico da forza maior sobre outras empresas auxiliares da afectada, as perspectivas de mantemento e creación de emprego a medio e longo prazo, así como a porcentaxe de traballadores indefinidos do seu cadro de persoal.

3. A exoneración ás empresas do pagamento das cotas empresariais da Seguridade Social a que se refire esta disposición terá unha duración máxima de 12 meses a partir da resolución de recoñecemento que dite a Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

Cando dentro do prazo de 12 meses sinalado no parágrafo anterior se extinga algún contrato temporal pola expiración do tempo conviado ou realización da obra ou servizo obxecto do contrato, as empresas poderán seguir beneficiándose da exoneración para os ditos contratos polo tempo que reste até os 12 meses sempre que subscriban co traballador afectado pola extinción un contrato por tempo indefinido.

A Tesouraría Xeral da Seguridade Social, logo da solicitude da empresa, poderá prorrogar a exoneración recoñecida ás empresas por outros 12 meses sempre que resulte acreditado tanto que a empresa segue cumprindo os requisitos que determinaron o recoñecemento inicial da exoneración como que puxo en marcha os compromisos adquiridos en canto ao necesario reinvestimento na empresa e ao mantemento no emprego dos traballadores afectados pola suspensión ou redución.

4. As empresas que incumpran os compromisos exixidos polas letras e) e f) do número 1 deberán reintegrar o importe das cotizacións de cuxo pagamento resultaron exoneradas coa recarga e os xuros de demora correspondentes, segundo o establecido nas normas recadatorias en materia de seguridade social, e isto sen prexuízo da aplicación do establecido no texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto.

Non se considerará incumplida a obrigaón de mantemento no emprego cando o contrato de traballo se extinga por despedimento disciplinario declarado como procedente, dimisión, morte, xubilación ou incapacidade permanente total, absoluta ou grande invalidez do traballador. En caso de que se trate de contratos temporais, non se considerará incumplida a obrigaón de mantemento no emprego cando o contrato de traballo se extinga por expiración do tempo convindo ou pola realización da obra ou servizo obxecto do contrato.

5. O disposto neste real decreto lei será aplicable ás solicitudes de exoneración que se presenten a partir da súa entrada en vigor. En ningún caso se recoñecerá a exoneración cando transcorresen máis de 3 meses entre a data en que tivo lugar o acontecemento extraordinario de forza maior e a solicitude.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto lei dítase ao abeiro do establecido no artigo 149.1.7.^a e 13.^a da Constitución, que lle atribúen ao Estado a competencia exclusiva sobre lexislación laboral, sen prexuízo da súa execución polos órganos das comunidades autónomas, e as bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, respectivamente.

Disposición derradeira segunda. *Modificación da Lei 3/2012, do 6 de xullo, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral.*

O número 2 da disposición transitoria oitava da Lei 3/2012, do 6 de xullo, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral, queda redactado nos seguintes termos:

«2. Nos contratos para a formación e a aprendizaxe que se subscriban até o 30 de xuño de 2015, nos supostos en que non exista título de formación profesional ou certificado de profesionalidade relacionados co traballo efectivo que se vai realizar, ou centros formativos dispoñibles para a súa impartición, a actividade formativa inherente a estes contratos estará constituída polos contidos mínimos orientativos establecidos no ficheiro de especialidades formativas, accesible para a súa consulta nas páxinas web do Servizo Público de Emprego Estatal www.sepe.es e nas dos servizos públicos de emprego correspondentes das comunidades autónomas, para as ocupacións ou especialidades relativas á actividade laboral recollida no contrato; no seu defecto, estará constituída polos contidos formativos determinados polas empresas ou comunicados por estas ao Servizo Público de Emprego Estatal, para os efectos da súa validación no marco do Sistema nacional de emprego. Por orde do Ministerio de Emprego e Seguridade Social poderase ampliar o prazo antes sinalado até o 31 de decembro de 2015.»

Disposición derradeira terceira. *Modificación do Real decreto 1369/2006, do 24 de novembro, polo que se regula o programa de renda activa de inserción para desempregados con especiais necesidades económicas e dificultade para encontrar emprego.*

Un. A letra b) do número 1 do artigo 2 do Real decreto 1369/2006, do 24 de novembro, polo que se regula o programa de renda activa de inserción para desempregados con especiais necesidades económicas e dificultade para encontrar emprego, queda redactada como segue:

«b) Ser demandante de emprego inscrito ininterrompidamente como desempregado na oficina de emprego durante 12 ou máis meses. Para estes efectos, considerarase interrompida a demanda de emprego por ter traballado un período acumulado de 90 ou máis días nos 365 anteriores á data de solicitude de incorporación ao programa.

Durante a inscrición como demandante de emprego a que se refire o parágrafo anterior deberá buscarse activamente emprego, sen ter rexeitado oferta de

emprego adecuada nin terse negado a participar, salvo causa xustificada, en accións de promoción, formación ou reconversión profesionais ou outras para incrementar a ocupabilidade.

No momento da solicitude deberase acreditar ter realizado durante o período de inscrición antes indicado accións de busca activa de emprego na forma que se determine regulamentariamente. En canto se produza ese desenvolvemento normativo acreditaranse da forma establecida no artigo 3 do Real decreto lei 16/2014, do 19 de decembro, polo que se regula o Programa de activación para o emprego.

A saída ao estranxeiro interrompe a inscrición como demandante de emprego para estes efectos.

Non se considerará interrompida a inscrición cando o solicitante acredite que a saída ao estranxeiro se produciu por matrimonio ou nacemento de fillo, falecemento ou enfermidade grave do cónxuxe ou parentes até o segundo grao de consanguinidade ou afinidade ou polo cumprimento dun deber inescusable de carácter público e persoal, e sempre que a estancia fose igual ou inferior a 15 días.

Así mesmo, tampouco interromperá a inscrición a saída a países do Espazo Económico Europeo e Suíza para a busca ou realización de traballo, perfeccionamento profesional ou cooperación internacional, e sempre que a estancia sexa inferior a 90 días.

Nos supostos en que se interrompa a demanda de emprego, exixirase un período de 12 meses ininterrompido desde a nova inscrición.»

Dous. O Goberno poderá modificar, mediante real decreto, o establecido no número anterior.

Disposición derradeira cuarta. *Modificación do Real decreto 625/1985, do 2 de abril, polo que se desenvolve a Lei 31/1984, do 2 de agosto, de protección por desemprego.*

O Real decreto 625/1985, do 2 de abril, polo que se desenvolve a Lei 31/1984, do 2 de agosto, de protección por desemprego, queda redactado do seguinte modo:

Un. A letra c) do número 1 do artigo 32 queda redactada como segue:

«c) Transcorrido o dito prazo, se existir responsabilidade, dítarase resolución en que se sinala a contía da prestación e o alcance da responsabilidade do empresario ou dos empresarios, debendo facer efectivo o importe da prestación no prazo de trinta días, contados desde a notificación da resolución. Se non se reintegrar a débeda no dito prazo, aplicarase o establecido no artigo 69 e seguintes do Regulamento xeral de recadación da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 1415/2004, do 11 de xuño, así como o establecido no artigo 39 e seguintes do dito regulamento cando o debedor sexa unha entidade pública.»

Dous. O número 2 do artigo 33 queda redactado como segue:

«2. O traballador disporá dun prazo de trinta días, a partir da notificación da resolución, para reintegrar a contía da prestación ou subsidio indebidamente percibidos. Transcorrido o dito prazo sen que obtivese o reintegro da débeda, nos casos en que non se poida aplicar a compensación ou desconto segundo prevé o artigo 34 seguinte, ou ben cando, procedendo a dita compensación ou desconto, non sexa posible cancelar a débeda na súa totalidade, aplicarase o establecido no artigo 80 do Regulamento xeral de recadación da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 1415/2004, do 11 de xuño.»

Tres. O Goberno poderá modificar, mediante real decreto, o establecido nos números anteriores.

Disposición derradeira quinta. *Modificación da Lei 56/2003, do 16 de decembro, de emprego.*

A Lei 56/2003, do 16 de decembro, de emprego, queda modificada como segue:

Un. Suprímese a letra c) do número 4 do artigo 21 bis.

Dous. O número 5 do artigo 21 bis queda redactado nos seguintes termos:

«5. As axencias de colocación poderán ser consideradas entidades colaboradoras dos servizos públicos de emprego, co alcance previsto nas normas de desenvolvemento desta lei.

O instrumento xurídico en que se articule esta colaboración deberá regular os mecanismos de comunicación por parte das axencias de colocación dos incumprimentos das obrigacións dos traballadores e dos solicitantes e beneficiarios de prestacións por desemprego previstas no artigo 231.1 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño.»

Disposición derradeira sexta. *Facultades de desenvolvemento.*

Facúltase a persoa titular do Ministerio de Emprego e Seguridade Social para ditar as disposicións que sexan precisas para o desenvolvemento e execución do establecido neste real decreto lei.

Así mesmo, facúltase a persoa titular da Dirección Xeral do Servizo Público de Emprego Estatal, no ámbito das súas competencias, para ditar cantas resolucións sexan precisas para o desenvolvemento deste real decreto lei.

Disposición derradeira sétima. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Non obstante, as disposicións relativas ao programa de activación para o emprego regulado por este real decreto lei producirán efectos desde o 15 de xaneiro de 2015.

A disposición derradeira cuarta producirá efectos na data de subscripción do concerto entre o Servizo Público de Emprego Estatal e a Tesouraría Xeral da Seguridade Social que regule a colaboración en materia de recadación en vía de constrinximento das prestacións indebidamente percibidas polos traballadores e aquelas outras de cuxo pagamento sexan responsables as empresas.

Dado en Madrid o 19 de decembro de 2014.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,
MARIANO RAJOY BREY